

Pero Gomes Barroso

Rubrica

Direi verdade, se Deus mi perdom:
o meu amigo, se mi quer gram bem,
nom lho gradesco, e, mais doutra rem,
gradesc'a Deus eno meu coraçom
que m'el fremosa fez tant'e mi deu
tanto de bem quanto lhi pedi eu.

Se m'el quer bem, como diz ca mi quer,
el faz guisad', [e] eu, polo fazer,
nom lho gradesco, e hei que agradecer
a Deus já sempr[e] o mais que poder
que m'el fremosa fez tant'e mi deu
tanto de bem quanto lhi pedi eu.

Se m'el quer bem, nom lho quer'eu nem mal,
nem ar hei [rem] que lhi gradesca i,
mas quant'hoj'eu no meu espelho vi
gradesc'a Deus muit'e gradesco-lh'al:
que m'el fremosa fez tant'e mi deu
tanto de bem quanto lhi pedi eu.

cantigas-stag.square-bit.com

© 12/05/2026